

GOZA, DESFRUTA e PARTICIPA De VIVE O NADAL 2012!

PROGRAMA DE ACTIVIDADES
Lúdicas, culturais e de conciliación familiar.

Un programa estacional de actividades de tempo libre educativas na rede de centros socioculturais dirixido a públicos diversos no tempo das festas de Nadal.

Obradoiros creativos, intercambio de agasallos, espectáculos de música e baile, ornamentación dos centros, elaboración dun belén colectivo dos centros socioculturais que poderá visitarse nas datas de Nadal no Pazo de Raxoi, concurso de beléns, actividades de conciliación, visitas dos paxes reais das súas maxestades os reis magos de Oriente, espectáculos musicais, maxia, gravación dun LIP DUB (vídeo musical), concurso de postais de Nadal, conferencias de Santiago Futsal, actividades de estimulación para bebés.

Relacionarse, aprender, compartir...

Vive o Nadal!

CAMPAMENTOS abERTOS De NADAL

Programa de conciliación familiar e laboral

Obxectivo e descrición da actividade:

Posibilitar a conciliación da vida familiar e laboral das familias Compostelás nos tempos do Nadal, a través dun programa educativo no tempo libre con actividades ludico- recreativas desenvolvidas nos centros.

Durante as mañás vacacionais, os participantes poderán desfrutar dun variado programa de actividades plásticas, de expresión artística, animación á lectura e obradoiros sobre as temáticas dos distintos campamentos, acompañados e guiados por monitores especializados.

Destinatarios: nenos/as empadroados en Santiago.

Duración: Durante as vacacións escolares de Nadal.
Días 26,27,28 de decembro e 2,3 e 4 de xaneiro de 2012.

Horario de acollida dos participantes: desde as 8 ata as 15.00h , para que as familias que o precisen fagan uso destes tempos.

Horario de programación específico: 9.30 a 14 h.

	Prezo xeral	Segundo fillo Desconto do 20%	Familia numerosa Desconto do 50%
Xornada completa de 8.00 a 15.00 h.	30 €	24 € cada un	15 € cada un
Xornada reducida de 9.30 a 14.00 h.	20 €	16 € cada un	10 € cada un
Exentos: Cando os pais ou titores-as acrediten a súa situación de demandantes de emprego.			

Proceso de preinscrición: do 16 de Novembro ao 5 de Decembro, no teu centro sociocultural.

Documentación: folia de preinscrición, certificado de empadramento do participante e fotocopias do libro de familia , copia da tarxeta sanitaria o de aseguradora privada, copia da tarxeta de demandante de emprego(caso de solicitar exención de taxa)

Adxudicación de praza: no caso de máis solicitudes que prazas dispoñibles nos distintos centros, resolverase mediante sorteo público a celebrar o día 13 de decembro no CSC O ENSANCHE ás 13.00h.

As familias interesadas poderán marcar na súa solicitude a orde de preferencia para participar ata en dous programas, e de non haber prazas dispoñibles na marcada no primeiro lugar, existindo prazas na outra preferencia, se lles asignará automaticamente sen proceder a sorteo.

O número mínimo requerido de participantes para iniciar a actividade será o 50% das prazas ofertadas en cada centro.

• CSC O Ensanche "Un Nadal de artistas"
25 prazas. Nenos nados entre o 2000 e o 2007

• Csc José Saramago de Vite: "Un Nadal de refugallo"
25 prazas. Nenos nados entre 2000 e 2007

• CSC das Fontiñas: "Contos do Nadal"
25 prazas. Nenos nados entre 2000 e 2007

• CSC de Conxo " Un Nadal polo mundo"
Nenos nados entre 2000 e 2007

• LSC de Marrozos "Nadal de xogo"
30 prazas. Nenos nados entre 2000 e 2008

• LSC da Gracia "Nadal de xogo"
30 prazas. Nenos nados entre 2000 e 2008

• LSC de Nemenzo "Nadal de xogo"
30 prazas. Nenos nados entre 2000 e 2008

E ademais, organizado pola AV Nova Xeira de Figueiras coa colaboración da Concellería de centros socioculturais.

• LSC FIGUEIRAS "Nadal no LSC Figueiras"
20 prazas. Nenos nados entre 2000 e 2007
Horario 9 a 14.00h. Prezo: 20€
Inscrición a traves do enderezo electrónico da AV Nova Xeira de Figueiras: novaxeira@gmail.com

Outras actividades:

• Excursión Nadal en Portugal, Domingo 16 de decembro.
Actividade para maiores, xa programada.
Consultar prazas disponibles.

• Gravación dun LIP DUB, vídeo musical para felicitar o Nadal
No que todos estades convidados a participar. Comparte con nós a rodaxe da nosa felicitación de Nadal, na que amosaremos ao mundo quen somos e todo o que facemos nos centros socioculturais!
Datos e lugares de gravación:

decembro / gravación LIP DUB				
luns 10				LSC da Gracia (19:00 - 21:00)
martes 11		CSC das Fontiñas + CSC da Trisca (16:30 - 19:30)		LSC de Marantes (20:00 - 21:00)
mércoles 12		LSC de Pontepedriña (16:30 - 17:15)	CSC Castiñeirío (17:30 - 19:00)	
xoves 13	CSCXM O Ensanche (11:30 - 13:30)		LSC da Rocha (17:30 - 18:30)	LSC de Laraño (19:00 - 21:00)
venres 14			CSC de Vite (17:00 - 19:00)	CSC de Conxo (19:15 - 21:00)
sábado 15	LSC de Vilvestro (11:00 - 13:00)	LSC Marrozos (16:30 - 18:30)		LSC de Figueiras (19:00 - 21:00)
domingo 16		CSC de Sta. Marta 16:00 h.		

Poderá verse o día 28 de decembro durante a inauguración do novo centro sociocultural de Santa Marta. Consultar programa específico deste acto.

- "Imos ao baile"
- 1 de decembro na Casa das asociacións de Comeres. Grupo *Luzada*.
- 15 de decembro no Centro sociocultural de Vite. Grupo *Solymar*.
- Pista de xeo no parque da Alameda. Ata o 3 de febreiro de 2013.
- Acto inaugural do novo centro sociocultural de Santa Marta, que incluírá un concerto do grupo vocal Compostela Cine Classics o día 28 de decembro as 20.00h.
- Concurso de ambientación navideña para hostelería e comercio. Data límite para presentar a solicitude de participación: 14 de decembro.
- Concurso de beléns para particulares e institucións. Data límite para presentar a solicitude de participación: 14 de decembro.
- Actividades de dinamización en rúa por toda a cidade, con carpa iglú Papá Noel na Praza Roxa, do 19 ao 24 de decembro.
- Mercado da Estrela. Centro Galego de Arte Contemporáneo (colabora Concello de Santiago). 15 e 16 de decembro.

INFORMACIÓN:

• CSC AURELIO AGUIRRE DE CONXO
981 528 740
Praza de Aurelio Aguirre 1

• CSC JOSÉ SARAMAGO DE VITE
981 542 490
Rúa de Carlos Maside 7

• CSC O ENSANCHE
981 543 001
Rúa de Frei Rosendo Salvado 14-16 baixo

• CSC DAS FONTIÑAS
981 528 750
Rúa de Berlín 13

• CSC AGUSTIN BUENO DO CASTIÑEIRIÑO
981 542 459
Rúa da Virxe de Fátima

Descarga o folleto en:

www.santiagodecompostela.org

www.santiagoociocultural.org

vive o NADAL! 2012

PROGRAMA DE TEMPO LIBRE
actividades LÚDICAS, CULTURAS e DE CONCILIACIÓN
NOS CENTROS e LOCAIS SOCIOCULTURALS

